

# A ORGANIZACIÓN DEL ESPACIO AGRARIO NA MARINA DEL CONCEYO DE CUAÑA

*Benxamín Méndez García*

## EMPEZO

El planteamiento d'este número da revista *Cultures* é primeiramente etnográfico. Però al aplicar el esquema d'análisis da organización del espacio agrario a un territorio como a Marina cuañesa (as parroquias de Cartavio, Mougúías y Folgueiras), encontrámonos coas dificultades y coa riqueza que supón verse con un espacio mui trasformao. Ta presente nel territorio a compoñente histórica ou tradicional —teríamos que dicir miyor cultural—, però mui amestada coas formas d'aprovetar os recursos propias d'un sistema capitalista consolidao. Más qu'espacio agrario teríamos que falar d'espacio rural; y pra entender el espacio rural cuañés d'hoi vamos ver que necesitamos saber cómo foi históricamente, anque de contínuo iremos aludindo a os cambios que trouxeron hasta nosoutros un herencia presente.

## UN POBLAMENTO XESTAO EN TRES FASES

Entendemos aquí por poblamento el impronta territorial das relacións entre a sociedade y el medio, que se ven nel espacio edificado

peró tamén nas relacións del hábitat col sou entorno y nos xeitos d'aprovetar éste.

Nel caso de Cuaña nun podemos falar de poblamento concentrao ou disperso. A nun ser en Ortigueira (porto) ou nel Espín (cabeza de ponte con dalgúa función urbana), nun encontramos casas xuntas parede con parede; a lo más, poderemos ver úas *hortas* xunto a outras. Peró tampouco podemos falar d'hábitat disperso puro, pos cuase nun hai *caseiríos* nos que todas as terras tean alrededor da casa (Armazá é úa das poucas excepcións).

As casas vein a tar esfaragayadas, parecendo dispersas núa mirada pouco atenta. Vamos ver cómo condo os cuañeses distinguen *pueblos* y *llugares* nun é sin xeito. Se nun hai úa xuntanza clara entre as casas, si qu'hai úas relacións entre ellas que responden al organización tradicional del espacio.

### *A dominante agropecuaria da llarga etapa precapitalista*

Esa organización tradicional del territorio respondéu a úa organización comunal dos espacios dispoñibles que tía dúas finalidades: manter as familias llabradoras y pagar as rentas dos nobres y dos eclesiásticos.

Al parecer, esas estruturas fraugaron na Edad Media nel marco dos procesos de recolonización interior vinculaos coa consolidación del Reino d'Asturias.

Na Marina cuañesa el cenobio de Cartavio tuvo búa importancia (con terras tamén nel actual conceyo del Franco) y pode que tuvese tamén por ei el castello d'Aguilar. Pra os siglos x a xii temos referencias xa das «uillas» (llugares) de Cartavio, Silvarronda, Villalocái, Pindolas, Medal, Xarrio y Folgueiras. Hasta a desamortización de tempos de Felipe II, todas acabaron sendo terras del Gran Conceyo Episcopal de Castropol.

Peró de Cuaña son tamén mui conocidos os restos castreños: el castellón del mesmo nome que nos queda fora da Marina; na

mesma rasa costeira, el castro de Mougúas, escavao; y quizás dalgún más (hai topónimos como El Castrón, en Llugarnovo, y parece qu'houbo tamén castro na Figueira, Medal). El paso entre el poblamento castreño y a densa rede de poblamento medieval nun é ben conocida, pero é claro qu'a Cuaña costeira taba abondo ocupada.

El territorio organizóuse en términos agrícolas —que más embaixo estudiaremos— y el modo de vida completábase coa pesca, a artesanía rural dispersa y úas relacións comerciais más trascendentes del que se pensa.

### *A xerarquización xestada na etapa de transición al capitalismo*

Pode dicirse qu'a Marina entróu nun certo nivel de capitalismo entre os anos sesenta del siglo XIX y os anos treinta del XX. Se antes el explotación del territorio dependía sobre todo del agricultura y da ganadería, al tempo que nel centro rexonal se foi desarrollando a industria, forxóuse úa dependencia nova, materializada nas relacións comerciais, antes más llimitadas.

Os tráfico tiraron pra riba dos portos y das villas nas qu'había mercaos semanales. Pero Cuaña nun ten más qu'un porto pequeno (Ortigueira) y un pueblo algo ben situao como pra medrar daqué (El Espín, embarcadero da ría de Navia hasta que se fixo a dárse-na nos primeiros anos del siglo XX); así y todo, os cambios notáronse.

A demanda de madera pra «apeas» pras minas notóuse en cambios fortes nos usos del monte; el Área Central demandaba tamén alimentos y eso traducíuse nel empuje da ganadería bovina pra carne sobre todo, pos el centro rexonal taba demasiaio llonxe pra comprar lleite de Cuaña.

Os sistemas de cultivo complicáronse, os usos comunales víronse rebaxaos, ocupáronse terras antes dedicadas a usos diferentes.

As condicións hixénicas y sanitarias foron miyorando entonces, pero nun había pra todos. El territorio nun podía absorber a poboación crecente y el emigración foi a válvula d'escape. Muitos cuañeses fóronse pr'América y outros pral centro da rexón. Al mesmo tempo, os núcleos menos agrarios (Ortigueira y El Espín) empezaron a medrar, distinguíndose cada vez miyor del medio rural, de facha más tradicional.

Os *pueblos* miyor colocaos con respecto ás vías de comunicación tamén medraron, con cambios que s'apalpan na súa morfoloxía: el caseirío achégase ás carreteras, ocupa *grandas*, oriéntase p'ha-cía os camíos, hai tendas d'ultramarinos.

### *Os cambios xurdidos da integración rexonal recente*

A pesar del auxe d'entresiglos, Cuaña, como el resto da Mari-na occidental asturiana, nun puido seguir el ritmo de modernización y entre os anos trenta y sesenta víuse núa crecente marxinalidadá con respecto al Área Central da rexón. Però desde os últimos sesenta a situación cambióu; primeiro coa especialización lleiteira; pouco despós, pollos procesos de «exurbanización». Así, aparecen industrias estratéxicas (como a fábrica de pasta de papel de Navia, industrias lleiteiras, estelleiros de barcos de ferro, etc.) que, anque asentadas nel conceyo vecín de Navia, tein efectos directos nel emprego de Cuaña.

Xúntanse a estos cambios os efectos da implantación de servicios (destacando el Hospital Comarcal) y de pequenas industrias por un llao, y, por outro, el espansión del residencial nel medio rural; fainse casas pra os que tán vinculaos con esas industrias y servicios novos y tamén pra segundas viviendas, pos Cuaña ten tamén un certo empuxe como espacio d'ocio.

Todo ello contribuíu á trasformación del espacio agrario heredao, pero vamos ver cómo aquella estructura agraria nos vale inda pra entendello.

## A ESTRUCTURA AGRARIA, CLAVE ESPLICATIVA

*As distintas unidades del poblamento rural: das quintanas ás parroquias*

El poblamento da Cuaña costeira sigue tando organizao —hoi como hai siglos— en moitas unidades, das que dúas tein os efectos máis evidentes: os términos agrícolas y as parroquias. Dentro d'ellas, os espacios edificaos son a referencia prá xente, mentras qu'as terras dependentes dos distintos niveles d'espacios edificaos tein úas funcións determinadas que deron un paisaxe característico.

*A quintana.* El unidá productiva mínima familiar plásmase na «quintana», palabra que nun s'usa en Cuaña nin ten, chamadeiramente, outra equivalente. Si lo tén el espacio dependente d'esa unidá mínima familiar: é el *caseirío*. Ta integrao polla casa como centro da explotación y xunto a ella tán as cuadras y os cabanóis, a *corrada*, el *horto* y el *horta*. Separadas del que sería a quintana d'outros llaos d'Asturias, tán as terras d'uso familiar y, noutros tempos, outras terras de cultivo comúis pero d'uso familiar, al menos úa parte del ano (as *suertes* das *senras*).

*Os llugares.* Por riba da quintana taban os *llugares*. Chámanse inda así, anque cada vez menos, grupos de casas dentro d'un *pueblo*, que, sin tar xuntas, fain un peteiro que se distingue ben d'outros parecidos en número y disposición das quintanas. Úas veces os *llugares* tein un nome propio que los distingue (Rabeirón, A Veiga de Pindolas, Villallocái...) mentras que, noutros, *llugar* entra na composición del topónimo: El *Llugar* de Baxo (en Cartavio), *Llugar* novo (en Lloza)... Úas veces son antigüas «villas», ou pequenas aldeas altomedievales (Villallocái ou Silvarronda); outras foron aparecendo despós qu'outras partes del *pueblo* al qu'hoi pertenecen (en particular na ocupación de terras antes en común).

Na organización tradicional del territorio os *llugares* eran un cacho de «término agrícola». Aparte das casas que lo compoñían, as familias que los poblaban tían espacios d'uso común en grandas, abertales, cruces de camíos ou nel arribada. Os lugares avezaban a ter *campos* y *campíos* pral esparcemento de nenos y non tan nenos; espacios abertos, del *llugar*, unde se xugaba a os bolos (*bolo rodao*, *pasabolo*) —despós, al fútbol—, unde se falaba.

Además había construccióis que valían pra más d'un vecín de cada *llugar*, como fontes, pozos ou molíos. Non menos importante era el uso que fían d'úa parte da *senra* del *pueblo* ou el d'úa *senra* propia del *llugar*, ás veces con nome propio y ás veces coa denominación «*senra* de» seguido del nome del *llugar* que la aprovetaba.

**Os *pueblos*.** El unidá de poblamento por encima dos *llugares* eran os *pueblos*, equivalente al término *aldea* ou *pueblu* noutros llaos d'Asturias con dalgús matices: xa dixemos qu'aquí as casas tán separadas úas d'outras y d'ei ven que *pueblo* pode ser tanto un grupo de casas más ou menos esfaragayadas como un unidá formada por varios *llugares*. Neste nivel organizativo tamén son as funcióis as qu'esplican esa unidá de percepción por parte dos comarcanos.

Al *pueblo* correspóndey un término agrícola cuase completo, con *senras* que llabraban de cereal ou praos pra pacer en común. Tamen tán asocioas a os *pueblos* grandas, abertales, molledas, bouzas y camíos, caleyas y caleyoís. Tein tamén os *pueblos* un cacho de monte pra rozo ou cava ben diferenciado.

A todos estos espacios d'uso tradicional, del que sólo quedan hoi as referencias de pertenencia, había que xuntaryes úas funcióis sociales y organizativas que cuayaban, por exemplo, núa capiya (nos *pueblos* que nun eran sede parroquial), y na celebración de *conceyos* pra tomar decisióis: pra manter os camíos (trabayu colectivo dirixido por *vedores*), pra organizar os usos compartidos de *senras* y outros comúis, etc.

As *parroquias*. El nivel superior d'organización territorial era a *parroquia*, de sobras conocida en Asturias y Galicia y pra que na Cuaña costeira temos que dicir úas funcións claras. É el espacio social de referencia por riba dos pueblos y por debaixo dos conceyos de parroquias, materializao núa iglesia y nun campo del iglesia pra procesións, festas, etc.; ás veces diferenciábase tamén un *campo da feria* (caso da parroquia de Cartavio, campo nel que se fían cinco ferias al ano de gao bovino). Tamén a parroquia era el unidá mínima prá elección de cargos del conceyo y pral cobro de tributos, tanto eclesiásticos (dezmós y primicias) como civiles (os encabezamentos).

Territorialmente a parroquia non sólo era un conxunto de pueblos senón que solía ter espacios asociaos, xeneralmente montes comunales que quedaban llonxe dos pueblos da parroquia y que por eso tían un aproveitamento más estensivo (pasto de gao pequeno, como oveyas ou cabras, lleña, mullido, etc.).

Zarrábase así un sistema complicaos que buscaba aproveitar al máximo el espacio dispoñible, tanto por vecín como por diferentes niveles d'esplotación en común, cuase sempre mui regulao.

Al llargo del siglo XIX foron perdiéndose os usos colectivos dos espacios que taban cerca dos llugares y dos pueblos (as *senras*, sobre todo). Más pr'alantre perdéronse os dos montes.

- Pasaron al conceyo de parroquias, por exemplo el monte de Xarrio.
- Repartíronse entre os vecíos; quedan na toponimia señas das zonas repartidas col nome de «suertes de» seguido del pueblo correspondente (así, suertes de Lloza, de Torce, de Xarrio, ou «rosas» da Esfreita).
- Ou privatizáronse de xeito ás veces abusivo (pueblos sin «suertes»).

Pol sou llao, os espacios colectivos dentro de pueblos y llugares (campos y campíos, cruces de camíos, pozos ás veces) víronse

mui cambiaos pollas concentracióis parcelarias, que los repartiron ou los cambiaron de sito quitándoyes a tradición d'uso.

### *A organización del territorio en «términos agrícolas»*

El «término agrícola» (más ou menos as terras d'un pueblo) como cacho del territorio usao por úa ou más comunidades aldeanas inda nos vale hoi pra entender el poblamento na franxa costeira de Cuaña y na Marina occidental asturiana en xeneral. A división da Cuaña costeira en «términos» pode verse en B. Méndez (1993). Vén d'úa llarga tradición empezada alló pol Alta Edad Media y taba en pleno uso nel siglo XVIII. É, pos, el rastro físico d'úa estrutura agropecuaria y socioeconómica mui veyá, pero inda con úa búa influencia nel poblamento actual.

A base da organización del espacio dispoñible foi el *pueblo* como «comunidad de campesinos» metida núa trama social más grande, a parroquia. Á parroquia correspondían, como dixemos más enriba, dalgús espacios, pero nun era a clave, como tampouco podía selo el valle, como na Montaña asturiana, al tar nun espacio con us rasgos topográficos ben diferenciaos, ou diferenciaos d'outro xeito.

El medio físico ta dominao polla *rasa*, úa banda cuase plana ou un pouco entornada p'hacia el mar, que vén ser el resultao da erosión marina noutros tempos y que ta chía agora d'aluvióis cuaternarios y ten terras búas pra llabrar (además, el augua empoceira us dez metros baxo terra, nun faltando fontes y fontaricas y podéndose fer bus pozos). Cada comunidá tía que ter un cacho de rasa pra llabrar trigo y —más pra delante na historia— meiz. Tamén as casas se fixeron na rasa, desque s'abandonaron os castros.

Además, a rasa nun é úa superficie seguida. Os límites pol norte y pol sur tán ben claros; pol norte, acaba de sopetón nel *arribada*, pos el mar ta entre corenta y sesenta metros por debaxo da rasa; y pol sur zárranla as estribacióis das serras costeiras.



Peró a rasa ta tamén cortada entre as serras y el arribada por ríos qu'escavaron os sous valles nesa superficie cuase plana. Asina, el mar, el alto da serra costeira y dous valles fondos vein a marcar el territorio dependente de cada pueblo.

Tampouco ese cacho de rasa ben desllindao ta llibre de divisións máis pequenas que veron a favorecer aproveitamentos diferentes. Os regueiros encaxaos na rasa, aunque nun fose tanto como nos ríos, rompían a planitú xeneral d'ella y as vertentes d'esos regueiros, aunque hoi lleven pouca augua, nun se prestaban tan ben pras llaborías como os cachos máis chaos. Peró vamos ver cómo todo s'aprovetaba.

Empezando pol mar, os llabradores sacaron d'él el ouca pr'abonar as terras que —en outono sobre todo— vei deixando na *lleira* (llabor que tía úa reglamentación non escrita), recoyeron bígaros y llámparas y pescaron farros y outros pexes pra variar úa dieta máis ben probe.

El *arribada*, ou as *arribas*, abondo costa, tuvo un uso estensivo parecido al monte da serra que zarra a rasa pol sur. Vamos ver máis embaxo cuál era.

Seguindo p'hacia el sur, encontrámonos con un cacho ou máis de rasa, que xa dixemos qu'era obxeto de cultivo (nella taban as *senras*) y d'edificación. De todos os xeitos, pra esquivar el vento (tanto os fríos del mar como os vendavales), as casas cuase sempre se fixeron a mediodía das *senras*, dando éstas col arribada y os grupos de casas máis ou menos esfaragayaos p'hacia el sur. Nun temos qu'esqueicer qu'as casas taban dentro de quintanas cercadas, dentro das qu'había a *corrada*, el horto y a horta, árboles y, ás veces, cabanóis, cortes, hurros y cabazos y el pozo... mayormente condo as casas bloque foron deixando el sito ás casas compostas.

Os abertales taban nos bordes dos pueblos ou metidos por entre os distintos barrios (*llugares*) condo los había. Vamos ver máis pra baxo as funcións dos distintos abertales: *grandas*, *bouzas* ou *molledas*. Eran espacios con utilidá dentro del término agrícola, aunque

seguramente foron el resultao d'us procesos d'ocupación que non sempre agotaron os espacios dispoñibles pral cultivo. Xa falamos d'outros «comúis» nos cruces dos camiós, como os *campos* y *campíos*.

El *monte*, cos sous muitos usos, taba nas terras más costas, desde el pedemonte unde se xunta a rasa coa serra hasta el alto d'ella. El más entornadoiro, nel que nun para el augua y a terra é pouca, nun podía más que valir pra pacer dacondo oveyas y cabras; el pedemonte, más chegao al pueblo, puido valir pras cavas periódicas que dice el Catastro d'Ensenada pra medios del siglo XVIII; abondos cachos algo llonxe das casas deberon valir pra coyer el mullido pras cortes y pra pacer, pero os pedazos de *pastón* houberon de ser muito más grandes qu'hoi, al medrar a costa dos carbayos (*Quercus robur*) y bidureiras (*Betula alba*) que muito más pr'atras cubrirían a serra.

Pr'acabar, fáltanos dicir que xunto a os regueiros y os ríos, nas terras más moyadas del término, taban os praos «de regadío», aproveitando ás veces búas *veigas* (como a de Pindolas, ocupada xa na Edá Media). Cerca d'ellos tían que tar tamén os molíos d'augua. Y nos sitios más abrigaos y costos os *soutos* de castañeiros, que valían muito nos sistemas tradicionales.

### *Os sistemas veyos de cultivo y aprovetamento*

Tomando tamén aquí como referencia el siglo XVIII, pode dicirse qu'a estrutura agraria taba xebrada en dous grandes pedazos: el dedicao a llabradío intensivo y el dedicao a pación del gao y a actividades complementarias. Había además dous xeitos d'aprovetar as terras: as que trabayaban y esplotaban as familias de por si y as que taban suxetas a tempos d'uso común.

Peró os sistemas de cultivo taban condicionaos además porque a terra tía que valir pra dar de comer ás familias dos llabradores, aunque fose mal, y tamén pra pagar as rentas, qu'a miudo pagában-

se en trigo. Así qu'os llabradores tiveron qu'ir buscando as miyores combinacións pra cubrir os pagos y pr'atender as necesidades d'úa población qu'en condicións normales iba medrando pouco a pouco.

El resultao de todas estas comenencias xuntas foi el aproveitamento «intensivo» das terras de cada pueblo, gracias ás probas que se foron fendo al llargo del tempo. Así, como el trigo nun se dá ben na costa cuañesa pol muito que chove, tían que llabrallo en sucos (terra truyada entre regos algo separaos), como se veu fendo hasta que desaparecéu como cultivo nos anos sesenta del siglo xx. Hasta se sabe que na *Senra del Barreiro*, en Cartavio, houbo redes de drenaxe debaixo da terra, podera ser que desde os tempos del monasterio, alló pol siglo x.

Xa dicía tamén el Catastro d'Ensenada qu'as terras producían gracias al abonao seguido y de diferentes xeitos:

- Coyábase el cuito que deixaba el gao nos espacios que pacían en común.
- Mullíanse as *cortes* y as *corradas* con gancella (*Calluna vulgaris* y outras) y foletto (*Pteridium aquilinum* y outras) más qu'outra cousa, con artos (*Rubus fruticosus*) y hasta con toxos (xénero *Ulex*), pra qu'el augua, el mexo y as bulleiras das vacas, y el pisar da xente y del gao fosen fendo cuito. Na *corrada* mezcrábase el cuito col ouca antes de cuitar pras patacas.
- Recoyíase xungo unde lo había (as xunqueiras del Meiro dividíanse en *suertes* pr'aprovetallo).
- Xa falamos da recoyida del ouca nel outono pra cuitar as patacas, qu'empezaron a llabrarse nos montes del conceyo a finales del xviii, estendéndose despós polla Marina.
- Hasta os Xuicios Verbales de Cuaña nos falan de pleitos polla recoyida de rebre nos camíos (arrastres de terra) pra poñer nos hortos.

- Y temos que poñer un último exemplo chamadeiro de cómo se recurría a todo lo que fose bon pra miyorar a terra: del porto d'Ortigueira salían pras terras dos pueblos da redonda cargas de xardías (condo a costeira era demasio búa), desperdicios de pescao y patellos (el *Polybius henlowski*, qu'ás veces cargaba as redes).

Tanto cuito fixéraye xa desaparecer da Cuaña costeira á rotación d'ano y vez, da qu'inda quedaba algo na Cuaña interior, seguindo os datos d'Ensenada. Entonces xa aparecera el meiz, que se llabraba con fabas (como inda se sigue fendo ás veces, pr'aprovetar el meiz como tutor y pol nitróxeno qu'as fabas coyen del aire); era cuase el único cereal xunto col trigo, a costa d'outros que foran desaparecendo ou quedando arrimaos pras terras piores, como el miyo, el centén ou a cebada. Tamén el llin —importante, posto que pagaba diezmo— taba en terras marxinales ou nos hortos, neste caso xunto ás berzas y outras hortalizas que valían pra diversificar daqué a comida.

Lo que se llabraba tía que valir ás veces pra xente y pral gao. Así pasaba cos nabos, dos qu'as rabizas valían pra fer el *caldo* (comida habitual antes) y pral gao; llabrábase además con centén, que se cortaba en verde (*arcacel*). Del meiz comía a xente pan muitos meses al ano (y coa farina fíase el rapón), valindo el grao tamén pras pitas y as canas y a foya pral gao. El trigo era el preferido pra pan, pero muito íbase en rentas y dezmos.

A rotación que más se fía era bianual: trigo → nabos con *arcacel* → meiz con fabas. Y era a qu'ocupaba as miyores terras da rasa. D'aquí pr'alantre podemos pensar nel trigo como empezo de rotación (pos llabrábase en decembre, empezando entre *A Conceución* y Santa Llucía). Pero esta mesma rotación empezou a cambiar os usos tradicionales das *senras*: se antes al levantar el trigo entraba el gao todo xunto pra pacer lo que quedaba, al semar nabos y meiz con fabas foron quedando as *senras* cuase namás que pra llabrar.

Al gao xa nun nun ye quedaron pra pacer nas antiguas senras más qu'os suqueiros, os carreiros y as veiras dos camíos; xa nun podían pacer soltas ou piadas senón qu'había qu'allindallas, aumentando el trabayo al tempo que baxaba el pasto.

Peró nun había nel XVIII más qu'un 5% de praos d'aproveitamento individual. Por eso el monte tuvo un sito tan chamadeiro. Era el *monte* de muitos usos del que falábamos, vital pra os pueblos, pos nél pacía el gao y más condo deixóu de poder fello algo de tempo nas senras; nel monte taban cuase sempre as cabras y as oveyas, peró tamén búa parte dos bois, das vacas y dos xatos. Y el gao nel monte interesábayes tamén a os rentistas, pos d'ei sacaban parte das rentas. El gao pacía nel monte común peró tamen nas *molledas*, mentras qu'as caballeirías solían fello nos abertales pegaos a os llugares.

El *monte* era tamén el sito d'unde se sacaba «pan de cava», en terras bravas de «cultivo periódico», como dicían nel Catastro d'Ensenada; llabrábanse cachos un ano cada dez, vinte ou corenta y despós volvía a deixarse llibre.

Nel *monte* lo que menos había eran árboles, perseguidos pra madera de construcción, lleña pral fougo y pra fer barcos de guerra nel Ferrol daquela. Tamén porque el gao pacía os árboles de pequenos y porque el monte se segaba pra mullir as cuadras. D'ei que nos términos agrícolas costeiros veríamos namás dalgúas manchas de carbayos y bidureiras.

### *Os cambios nos sistemas alló pollos últimos anos del XIX*

Xa apuntamos más enriba qu'as cousas na Cuaña costeira, como na Marina asturiana en xeneral, foron cambiando muito más y más depresa que nos valles y montañas da rexón. As terras de llabrar foron as primeiras en deixar de ter aproveitamentos comúis. Como pasóu despós cos montes, foron repartidas entre os vecíos en cachos iguales, alló unde el vecindario tuvo forza abonda (en Lloza, por

exemplo), ou foron coyidas por dalgús particulares pral sou proveito (por exemplo, en Cartavio).

Nel catastro dos anos cincuenta del siglo XX inda poden verse as suertes iguales que saliron das *senras*, tan estretras dalgúas que cuase nun se podían dar dous regos al llabrar. As concentracióis parcelarias acabaron con aqueles restos del usufructo tradicional, al tempo qu'axudaron a cambiar os sistema de cultivo, que xa s'aparecían pouco a os que se vían fendo nel siglo XVIII.

Os esquemas productivos cambiaron núa primeira fase nel siglo XIX. Además das trasformacióis na propiedá da terra, empuxáronlos as demandas da zona industrial del centro d'Asturias, a presión demográfica crecente (rebaxada polla válvula d'escape que foi a emigración a América, a Cuba sobre todo) y, tamén, el espansión da pataca y el papel qu'el tubérculo coyéu na dieta desde os primeiros anos del XIX.

Nun foi menos importante el cambio del apovetamento del monte, qu'empezóu a dedicarse á producció de madera pra vender: estendéronse muito os pinos, que compraban pra «apeas» de mina y que s'esportaban pollos portos del Porto «Viavélez» y a Ría de Navia.

Así que, entre úas cousas y outras, rompéuse el asociación monte-terras de llabrar y as antigüas *senras* pasaron a padecer úa presión grande: el «policultivo de subsistencia». Primeiro a pataca (p'hacía os anos corenta del XIX) y décadas despós úa planta pral gao, el ballico, veron a axudar a dar comida prá xente y pral gao al mesmo tempo. A pataca convivíu col trigo na mesma terra, aunque empezaran llabrándose nel monte; y el ballico veu a xuntarse cos nabos con arcacel pra conseguir más forraxes, nel tempo nel qu'el monte, al prantar pinos, xa nun podía dar de comer al gao como antes.

Cada familia podía conseguir con esa intensificación pollo menos úa coyida de cereales d'inverno (trigo sobre todo), úa de patacas y úa de forraxeiras. As rotacióis dependían sobre todo da calidá da terra. Poden datarse entre a espansión das patacas nel XIX y a desa-

parición del trigo nos anos sesenta del xx. Houbo pollo menos cuatro:

- *Rotación trienal*, pra cereales en terras de búa calidá: trigo → pasto, tarrón (descanso ou barbeito) y preparación (alrededor d'un mes) → nabos y arcacel → meiz de nabal con ballico → ballico (cortas despós de recoyido el meiz) → meiz de meiceira → trigo outra vez pra empezar a rotación.
- *Rotación quinquenal*, pra cereales en terras de calidá mediana: igual qu'a d'antes hasta el meiz de meiceira y despós trigo → tarrón → patacas → tarrón → trigo outra vez pra empezar a rotación.
- *Rotación cuatrienal*, pra patacas en terras de calidá mediana: patacas, entre as que se semaba meiz dous meses despós → trigo → descanso → nabos y arcacel → patacas y meiz de pataqueiro con ballico → ballico (cortas despós de recoyido el meiz) → meiz solo → patacas outra vez pra empezar a rotación.
- *Rotación bienal*, pra patacas en terras de pouca calidá: patacas y meiz de pataqueiro → tarrón → cereales d'inverno llabraos en foyas (cebada, centén, avías) → tarrón → nabos y arcacel → patacas outra vez pra empezar a rotación.

### *Os cambios d'hai pouco nos sistemas de cultivo*

El policultivo nunca deu abondo pra qu'houbese medría á llarga na Cuaña costeira. Sobraba pouco pra vender anque se foron metendo miyoras, como ferramentas novas (araos de ferro, *canadienses*) ou abonos; al tempo, as cousas novas que salían del industria tentaban á xente, que se querían sacar cuartos pra comprallas nun yes bastaba con vender ovos ou manteiga nos mercaos; fían tamén emigracióis tipo andolía (íbanse por temporadas ou us pou-

cos anos) y buscaban llonxe cuartos pra miyorar casas, comprar terras, etc.

Peró despós da Guerra y sobre todo desde os cincuenta, al dispararse a demanda de trabayadores nas fábricas (y na marina mercante), a Cuaña costeira pasóu por úa fase crítica de despoblamento y pouca actividá. Chégase así a úa nova fase, d'integración dafeito na estrutura capitalista.

En pouco más qu'a década dos setenta (desde os últimos sesenta a os primeiros oitenta), el espacio agrario cambiá de todo por culpa da especialización lleiteira. A pouca xente que foi quedando, xunto coa demanda de leite y as concentracióis parcelarias, fixo qu'as terras da Cuaña costeira, como as de toda a Marina desde Valdés a Castropol, cambiasen de todo.

Primeiro cayéu a cantidá de terra usada, pr'aumentar despós algo al ferse praos novos a costa de dalgún monte. Baxan tamén muito os cultivos que valían antes pral autoconsumo: desaparecéu el trigo; de cebada y centén pouco quedóu, y ese pouco pral gao; el meiz pra grao tamén desaparecéu, despós de tres siglos que nun podía faltar porque era lo que más se comía; quedou namás meiz pral gao (pra ensilar aumentóu muito nos últimos anos). A pataca seguíu un camín propio; primeiro pra comer, nos anos cincuenta y sesenta pra vender; despós cuase nin pra comer. As prantas dos hortos, que nunca tuveran gran peso, siguen sendo testimoniales, a pesar das búas condicións pral cultivo.

Col gao pasa algo parecido. Xa nel XIX as vacas pasaron al primeiro sito a costa d'oveyas y cabras que xa cuase desaparecieron entonces; coas patacas, a venta de xatos foi a mediados del XX cuase el única fonte de cuartos dos caseiríos. Gallías y conexas vían a ser como os hortos nos cultivos, un complemento y úa diversificación da dieta. Agora quedan sólo vacas de leite, frisonas seleccionadas. Hasta as caballeirías foron desaparecendo coa aparición dos tractores; antes desapareceran os bois como animales de tiro.



A especialización lleiteira trouxo tamén úa simplificación das rotacións, dominando as terras que se dedican de seguido a cultivos forraxeiros (meiz y «pradera artificial»).

- *Rotación bienal*, de patacas, meiz grao con forraxe y forraxeiras (foi rotación que xa desapareceu).
- *Rotación trienal*: patacas → nabos → outras forraxeiras (ballico, reigrás...) → meiz pra darye al gao en verde ou ensilao (rotación xa cuase desaparecida).
- *Rotación anual*: forraxeiras → meiz pra ensilar.

Os términos agrícolas tán más divididos que nunca en dous cachos: el dedicao a producir comida pral gao, coas casas y cuabras entre ellos, y el monte, desmovilizo, pos a cachos ta abandonao y noutros repoblóuse con ocalitos sin que se chegase inda al primer turno de corta; a nun ser os pedazos de monte que tán más cerca das casas y que tein miyores condicións, que foron feitos prao a costa dos pinales.

El paisaxe agrario, pos, volvéuse verde todo el ano y é más simple d'interpretar que nunca, aunque se ve cada vez más cómo van entrando nél casas pra segunda vivenda y instalacións industriales y de servicios... Todo xunto vei fendo qu'a Cuaña costeira pareza cada vez menos un espacio agrario.

## OS ESPACIOS AGRARIOS ASOCIAOS ÁS UNIDADES DE POBLAMENTO

### *El caseirío*

Enténdese por *caseirío* na Cuaña costeira lo mesmo que por *casería* na mayor parte d'Asturias. É a unidá d'esplotación agraria familiar y ta composta polla casa y os edificios complementarios da esplotación, xunto coas terras pral cultivo y os montes. Noutros tem-

pos iban col caseirío os deretos d'uso d'espacios comúis, qu'agora xa nun hai, como esplicamos más enriba.

Xa dixemos qu'aquí nun s'usa a palabra «quintana», anque si hai a estrutura correspondente, como célula base del poblamento. Os distintos compoñentes da «quintana» colocáronse de xeito qu'a casa quedaba protexida por ellos, coa corrada nel medio, el pozo nun llao, a cuadra pegada á casa, os cabanóis delante coa bodega del forno pegada a ellos, noutro llao os varales d'herba seca ou de paya (amontuada contra úa llata fincada nel tarrén), algún frutal estragayao alrededor... Pero esta distribución na qu'os aneos eran parte da cerca sólo abundóu desde finales del XIX.

A casa que más houbo nel siglo XVIII foi a «casa-bloque», que xuntaba debaxo del mesmo llouxao a vivenda, as *cortes* pral gao grande y pequeno, el almacén das ferramentas y el sito pra guardar as coyetas. Eran casas sin dar de cal, d'úa pranta, dúas como muito, y dalgún soyao como desván probe, con *cocía de llareira* y sin chaminía, col *forno* dentro ou pegao á casa por fora da cocía. As ventás eran poucas y mui pequenas, más inda as del piso d'embaxo y as da corte (*ventanos*). El piso era de terra y mullíanse as cortes pra ter cuito. Además da corte y a cocía podía haber dalgún cuarto pra dormir y úa sala pra guardar as coyetas, llabores de muyeres y dalgúa festa.

Pode que coa extensión del meiz y, despós, das patacas, salisen os almacéis de parte das coyetas fora da casa. Na Cuaña costeira abundan más os *cabazos* qu'os *hurros*, anque hai os dous tipos de mobles.

Col aumento da hixene y del gao mayor estabulao foron estendéndose as cuabras fora da casa, xuntándose os dous edificios con un *cabanón* que valía d'almacén de comida pral gao y de sito pra pasar entre ellos sin moyarse.

Tamén foron salindo da «casa-bloque» os *fornos*, aparecendo as *bodegas del forno*, pr'amasar, cocer y guardar el pan. Ás veces tían pegando el *cubil dos cochos* ou a *bodega* ou *polleiro das pitas*, que

más pr'atras tuveran tamén dentro da casa (pitas y cochos taban ás veces debaxo da escaleira). Podía haber tamén xunta ellos un *cabanón* pra guardar arabías grandes como el carro das vacas, que foi estendéndose desde as primeiras décadas del siglo xx, a grade, el queizo ou a «canadiense». Ás veces os cabanóis tían cuberta vexetal, de meiza (cazotos de meiz) ou de ramas de pino con poxa.

Na Marina de Cuaña houbo fontes comúis, pero al ir miyorando as condicións de vida foron aparecendo os *pozos* pra sacar augua pral gao y pra xente; houbo tamén pozos de varios caseiríos al tempo. Os pozos tían muitas veces al llao un bebedeiro ou baño pral gao y un llavadeiro prá roupa.

El tarrén entre os edificios del caseirío chámase *corrada*, equivalente al *antoxana* d'outras partes d'Asturias. Espacio de tránsito de xente y gao, tamén foi muito tempo aprovetao pra fer cuito, estrándolo con toxo ou mullido (gancella y foletto coyidos nel monte). Na corrada taba a pila de mullido, a del cuito y a da lleña. Nun llao da corrada tuveron os *varales* d'herba seca y de paya, hasta qu'encima das cuabras, despós da Guerra Civil, levantáronse «pajares»; as *medas* de trigo y os *maragouzos* de meiz (y as capellas ou varales de meiza, según fosen de grandes, despós d'escanar) solían tar tamén na corrada antes da mayega y del esfoyón, respectivamente. Ás veces, distinguíanse *corrada* y *aira*; nesta era unde se poñían as medas de trigo, unde se fía a mayega del trigo (límpando antes el sito), unde s'erguían os varales y unde se secaban as fabas, quedando nesos casos a corrada pr'amontuar el mullido, unde taba el carro y unde se fía cuito.

Os silos de fábrica tuveron certa puxanza nos setenta, pero perdéronse muitos al agrandarse as cuabras pral gao de lleite; tamén os estercoleiros, que tuveran de moda nos primeiros tempos da expansión lleiteira y foron más pr'acó desprazaos por pozas da surria. Son dous síntomas dos cambios rápidos que vein dándose nas dúas ou tres últimas décadas buscando a competitividá das explotacións.

### *Hortos y hortas ou cortías*

Nel mesmo conxunto qu'os edificios del caseirío y a corrada taban os hortos y as hortas, cuase sempre zarrao todo con parede de pedra, más ou menos ben feita, más ou menos cuberta de maleza (*vallaos* é el nome que se yes dá a estos últimos). Dalgúa das paredes da casa ou d'outro edificio del caseirío solía axudar tamén a «zarrar sobre si» el conxunto.

El *horto* é un espacio pequeno dedicao a llabrar berzas, patacas pra cedo y pouco más, muitás veces con dalgún frutal (maceiros, pesqueiros, pereiras, dalgúa figueira y ás veces dalgún naranxeiro ou llimueiro se nun daba muito el nordés).

El *horta* ou *cortía* (ás veces *horta* da a entender un espacio más grande) é el antiguo espacio de cultivo individual del caseirío, pos as demás terras taban suxetas a dalgún aproveitamento común. Foi tando llabrada seguindo as rotacións que xa comentamos pras terras de llabradío del término agrícola, se acaso con más dedicación a cultivos pral autoconsumo; se el caseirío tía abeyas, os trobos solían tar na *cortía*. Dalgús caseiríos tían dúas hortas, diferenciándose pola posición: a de riba, p'hacía el monte y a de baxo p'hacía el mar.

As concentracións parcelarias veron a agrandallas, xuntándoyes parcelas que saliran del reparto das senras. Con ello el uso veu a igualarse inda más col resto das terras del caseirío.

### *As senras, os eiros, os praos y os camíos*

As *senras* foron os espacios comúis de cultivo hasta el siglo XIX, col mesmo significao y sistema d'uso qu'as *erías* d'outros llaos; son dúas razóns pollas que penso que nun merece a pena entrar en detalles, además de lo que dixemos más enriba. Consérvase sólo a toponimia menor, aunque xa se ta esqueicendo: A Senra d'Aguiyón y A Senra en Lloza; A Senra del Barreiro y El Común del Barco en Cartavio; as Senras de Baxo y de Riba en Medal; A Senra de Mougúas

pegada a Astás y algo más al sur A Senra de Xarrio; outra Senra entre Torce y El Esteler; Campóis de Xarrio y Folgueiras; etc.

Dividíronse as *senras* en *eiros* particulares, nome das parcelas de llabradío dos caseiríos. Os eiros taban separaos por *suqueiros*, que valían pra separallos y tamén de carreiros pral paso de xente y gao; muitos zarráronse tamén con vallaos de pedra. Tuvéron zarras hasta as concentracióis parcelarias dos setenta del siglo xx. Entonces tiráronse as paredes que separaban us dos outros y tamén as que los separaban dos *camíos* y *caleyóis*. Os *camíos* hasta esa foron estrechos, moyaos y chíos de pedras y iyolos, fendo difícil el tránsito prá xente (por algo usaban galochas) y pra os carros de vacas (de rodas mui grandes y con palmellóis de ferro pra defendellas dos gouños). Coas concentracióis desaparecieron os *caleyóis*.

Ás veces os eiros que saliron das *senras* ou de repartos y compraventas más novas nun se zarraron de parede de pedra. Os llin-des entonces marcábalos un *carreiro* que valía pra pasar xente andando ou caballeirías con *ganchos* pra llevar a carga.

Antes distinguíanse dous tipos de praos particulares. Os *praos de regadío*, qu' eran os moyaos, cuase sempre cerca d'un río ou d'un regueiro (as veigas, aunque las hai na Cuaña costeira, son poucas); fíanse regos nellos pra enxugallos y que se podesen segar fora del brao. Y os praos «de secano», que valían muito condo el tempo vía demasiao moyao y nun se podían aprofitar os de regadío —que nun eran bus praos con ese tempo, como pasaba nas *Llamellas* (topónimo menor de Cartavio) ou nos *Llagomeiros* (entre Mougúas, Xarrio y Medal)—. Hoi os praos d'herba ou de «pradera artificial» (ballico, reigrás, etc.) estenderónse pollas antigas terras de llabradío, as que foran *senras*. Tamén había praos nos abertales más moyaos, como vamos ver más embaxo.

El conxunto nun ten xa na Cuaña costeira el aspecto tradicional de maya de parcelas pequenas zarradas, senón el de campos abertos, impresión falsa, claro tá. Eso nos pedazos qu'inda se ven llibres d'edificacióis, pos el expansión de segundas residencias y

outras instalacións, xunto col viario, veín desfigurando nos últimos anos os paisaxes dos términos agrícolas.

### *El monte*

En singular, foi un espacio «multifuncional», d'aproveitamento común, coas gradacións que dixemos según os niveles de poblamento y a distancia a os pueblos. Condo na documentación se fala de «monte», fálase non d'un conxunto apeteirao d'árboles senón dos espazos máis grandes dos términos agrícolas nel século XVIII y foron esenciais pral desenvolvemento das comunidades campesinas.

El monte era básico pral gao, que pacía nel cuase sempre, a nun ser dalgúas cabezas que s'usaban pra tiro y quedaban cerca das casas. Però tamén, como dixemos, fíanse nel monte cavas de condo en condo pra coyer pan extra, coyíase (rozábase) gancellas, foletos ou folgueiras, artos y toxos pra fer cuito, recoyíase lleña prá llareira, castañas pra comer (os castreños tamén usaban as llandes dos carbayos, però eso é úa historia muito máis veyá) y maderas pras casas y outros edificios.

Topónimos como *Carbueiro* (entre Cartavio y Llugarnovo) dícenos que tamén se fixo nel monte carbón vexetal, base, xunto col auga, da artesanía dispersa (usao nas ferreirías, por exemplo). Tamén sabemos qu'a casca del carbayo valía pra curtir el coiro, y en Navia houbo úa manufactura de zapatos chamadeira.

Hai outros topónimos que nos despistan; por exemplo, *porqueira* (na corona de monte de Cartavio) nun sabemos se foi sito de pacer cochos ou sito onde había xabariles; tamén *pebidal* ou *pibidal* (un bon cacho de Medal, xunta el mar, que fora propiedade del marqués de Mougúas), que podera vir de *pebida* (semente) y que tán llonxe das casas sin que sépamos qué podera querer dicir.

En plural, os *montes* son d'outro tempo; enténdense así os particulares, que se veron usando desde el século XIX hasta hai dúas décadas pra criar maderas de pino pra vender y pra cortar mullido pra

estras as cuabras. Resultaron del reparto en «suertes» (ou «rosas») dos montes comúis; ou, nel pior dos casos pra os pueblos que los usaban, del apropiación por particulares ou pol propio ayuntamiento, aunque neste último caso xa se sabe qu' é un problema dos montes asturianos a súa pertenencia a os vecíos ou a os conceyos (ún dos montes de propios de Cuaña ta nel monte de Xarrio, na parte más alta, tando na lladeira del mesmo monte úa propiedá del marques de Mougúas, as Suertes de Xarrio, as de Folgueiras y as Rosas da Esfreita). Nas terras que foran monte cerca dos pueblos é unde hai más topónimos menores como *zarrao* ou *zarradín*, seguidos del nombre del caseirío del que pasaron a ser propiedá.

### *Os abertales*

Como el nome nos dice, foron espacios comúis però d'uso diferente das senras ou dos montes. Abertales eran as *grandas* (y outros términos da familia como *grandellas* ou *grandías*, aludindo á forma ou al tamaño); iban seguidos d'indicación de posición ou pertenencia. Solían tar d'artedal ou toxearal cuase sempre y valían pra pacer y pra dalgúa cava ocasional. Hai abondas na toponimia menor: en Cartavio, en Xarrio, en Lloza, en Medal y hasta en Abredo —fora da rasa neste último caso y sempre llonxe dos peteiros de casas nel resto—; tamén hai úa *grandía* entre Lloza y Pindolas.

Como pasóu nel caso de Cartavio, as *grandas* poderon ser ocupadas nel etapa d'expansión demográfica que s'asentóu desde medios del XIX, al tempo que se superaban as suxeccións colectivas d'uso das terras; foron ocupadas por instalacións comúis (iglesia, escola), pero tamén «colonizadas» por particulares (fendo nellas casas novas ou poñéndolas en cultivo, pos nun eran malas terras). Però na Cuaña costeira, a diferencia del que pasóu noutros conceyos da Marina occidental, ningúa granda deu paso a un pueblo novo, col término como parte del sou nome. Outras grandas más escéntricas convertíronse, al menos en dalgún caso, en montes particulares.

Foron igualmente abertales as *bouzas* (y outros términos da familia como *boucel* ou *boucía*, distinguindo a forma ou el tamaño); foron y son zonas con «matorral» espeso de «landa atlántica», lo que nun deixaba outro uso qu'el rozo pra mullir ou pación pra caballeirías. Seguiron el mesmo camín qu'as grandas. Quedan na toponimia menor El Boucel del Barco en Cartavio ou A Boucía entre Folgueiras y Xarrio y úsase inda abondo el término *bouza*, ás veces pra terras que deixaron de tar aprofitadas.

Abertales eran tamén as *molledas*, terras moyadas. Son mui grandes As Molledas entre Torce y Xarrio y al sur del castro de Mouguías. Allí valiron como terras de pasto; quedan inda as cabanas pra os vaqueiros y as paredes de pedra que las zarraban. Col tempo pasaron a ser praos particulares; xa nel Catastro se citan «molledas cerradas», anque pr'aprovetallas feirían falta sistemas de drenaxe, sendo menos interesantes pra ocupar qu'as bouzas ou as grandas.

#### BIBLIOGRAFÍA

- CARBEXE, FREDO DE (2001): «Los labradores de la marina occidental asturiana. La construcción de un paisaje» en *Paisajes y paisanajes de Asturias*. Trea, Xixón: 45-63.
- MÉNDEZ GARCÍA, B. (1993): *La Marina Occidental Asturiana*. Oikos-Tau, Barcelona.